
LA DES COMM UNAL

REVISTA IBEROAMERICANA DE PATRIMONIO Y COMUNIDAD

ISSN 2444-0205



MONOGRÄFIK TRECE/AÑO12/SEP2026

ACTAS

SOPA24

XII CONGRESO INTERNACIONAL DE SOCIALIZACIÓN DEL PATRIMONIO EN EL MEDIO RURAL

Os Blancos_Baltar_Muiños_Calvos de Randín

PROVINCIA DE OURENSE/GALICIA_ESPAÑA

science commons

CC BY

LAUNDERGROUNDCOLECTIVA

LA DESCOMMUNAL

REVISTA IBEROAMERICANA DE PATRIMONIO Y COMUNIDAD

CRÉDITOS

EQUIPO EDITORIAL

SabahWalid_correcciones+maquetación
JuanjoPulido_diseño+comunicación

EDITA

La DESCOMMUNAL

ISSN: 2444-0205

San Salvador, 10 6ºA
06800 Mérida (Badajoz)
ESPAÑA
www.ladescommunal.org
info@laundergroundcolectiva.org

Septiembre de 2026

La DESCOMMUNAL, Revista Iberoamericana de Patrimonio y Comunidad es una publicación independiente, promovida por mentes inquietas y comprometidas con un patrimonio, un territorio y una comunidad.

Se permite cualquier explotación de la obra, incluyendo una finalidad comercial, así como la creación de obras derivadas, la distribución de las cuales también está permitida sin ninguna restricción. Es decir, todos los artículos están a tu disposición para leerlos, compartirlos y utilizarlos en tus publicaciones y proyectos, pero acuérdate de mencionar su origen y sus autores. Gracias!!

ES UNA PUBLICACIÓN DE

LAUNDERGROUNDCOLECTIVA
www.laundergroundcolectiva.org

ÍNDICE

LA DESCOMMUNAL
REVISTA IBEROAMERICANA DE PATRIMONIO Y COMUNIDAD
MONOGRÄFIK TRECE/AÑO12/SEP2026
ACTAS SOPA24 XII CONGRESO INTERNACIONAL DE SOCIALIZACIÓN DEL PATRIMONIO EN EL MEDIO RURAL
Os Blancos_Baltar_Muiños_Calvos de Randín
PROVINCIA DE OURENSE/GALICIA_ESPAÑA

EDITORIAL

Sabah Walid [*Directora del SOPA*]/ESPAÑA_pp03-04

SEMINARIO EL SABER MAYOR, EL MAYOR SABER

01_Dibujando memorias: entre relatogramas, memogramas y yayos
Adela Vázquez Veiga + Carla Boserman Romero +Claudia Delso _*Universidade de Vigo + Universidad Complutense de Madrid + Institut de Recerca Urbana de Barcelona, IDRA*/ESPAÑA_pp05-15

02_Mulheres Rurais - a força da Terra
Helena Antunes + Beatriz Rodrigues + Mariana Batista _*A Geradora – Cooperativa Integral* /PORTUGAL_pp16-22

03_Hablando en plata. Vida saludable a partir de los 60
Norma Angélica Juárez Salomo _*Universidad Autónoma del Estado de Morelos*/MÉXICO_pp23-30

04_Las vidas longevas y los museos locales
Fátima Braña Rey_*Universidade de Vigo* /ESPAÑA_pp31-35

05_La voz de la experiencia
Patricia Martín Rodríguez + Andrea Alías + Marian Berihuete + Juan Francisco Gibaja + Josep Maria Vergès + Chiara Messana_*Institut Català de Paleoecologia Humana i Evolució Social (IPHES-CERCA) + Universitat Autònoma de Barcelona*/ESPAÑA_pp36-45

SESIÓN TEÓRICA

06_La Escalera de Participación de Arnstein: un diagnóstico para el mundo cultural
Marta Pascual-Marzo_*Universidad de Alcalá*/ESPAÑA _pp46-58

07_GUARDIANES DEL SABER: La tapia pisada como legado de nuestras raíces
Claudia Mónica Castro Martínez + María Olga Largacha Martínez_*Universidad La Gran Colombia* /COLOMBIA _pp59-65

08_Entroido, patrimonio y comunidad: estudio descriptivo del ritual festivo como elemento de interacción social
Jackeline Elizabeth Fernández Macías + Fátima Braña Rey+ Lorena Rodríguez Campo _*Universidade de Vigo*/ESPAÑA _pp66-83

09_La mi agüela, Margarita. Un allegamientu alas lenguas agüelas comu resistencia al olvíu dela huía roal
Roberto Herrero García/ESPAÑA_pp-84-88

10_Unha auto-etnografía fotográfica de mulleres caboverdianas: narrativas migratorias a través de dúas exposicións colectivas en Bembibre e Burela
Iria Vázquez Silva + Sarah Lamas_*Mulleres á Fronte*/ESPAÑA_pp89-94

11_Rastrexando as Competencias de Capital a través das Infraestruturas Espaciais, Contaminación do Aire e Radiación Nocturna no Noroeste da Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés
Raimundo Elías Gómez + Maria Gabriela Miño_*Instituto de Socioloxía da Universidade do Porto + Consello Nacional de Investigacións Científicas e Técnicas* /PORTUGAL-ARGENTINA_pp95-105

12_Menores en Riesgo de Exclusión y los Museos como Instituciones de Educación no Formal
Melina Ameneiro Hermida + Fátima Braña Rey_*Universidade de Vigo*/ESPAÑA _pp106-110

SESIÓN PROYECTOS

13_Creciendo Juntos. La comunidad educativa del Cerro de los Infantes y su rol en la infancia
Laura Reina Alonso + Olga Leyva Gutiérrez + Begoña Serrano Arnáez + Andrés Mª Adroher Auroux + Mª Luisa Hernández Ríos_*Universidad de Granada*/**ESPAÑA**_pp111-125

14_Laboratorio Ecosocial do Barbanza: un laboratorio vivo para a xestión multifuncional e a custodia colectiva do territorio
David Fontán Bestilleiro + Roque Sanfiz Arias _*Histagra-CISPAC, Universidade de Santiago de Compostela*/**ESPAÑA**_pp126-135

15_Identidad compartida. El "Limón" como manifestación cultural inmaterial de la identidad serrana
Igor Martín Curto/**ESPAÑA**_pp136-150

16_VIEJA Y YERMA COMO MI VIÑA
Lucía Álvarez-Borrajo_*Facultad de Bellas Artes. Universidad de Sevilla*/**ESPAÑA**_pp151-158

17_OS ANDARES. Unha serie de viaxes sonoras polos Ancares Lucenses
Iria Acevedo + Jose Díaz + Marcos PTT_*Fósforo Arte & Cultura + Galiza Emocional*/**GALIZA**_pp159-170

18_Apropriação, Arte, Criatividade. Do Projeto Arqueológico do Outeiro do Circo (Beja, Portugal) para a(s) comunidade(s)
Miguel Serra + Eduardo Porfírio_*Câmara Municipal de Serpa + Câmara Municipal de Sintra + Centro de Estudos de Arqueologia, Artes e Ciências do Património* /**PORTUGAL** _pp171-185

19_Escuchando las voces de la memoria: Bibliotecas Humanas en Asturias
Paloma Sánchez-Broch + Sofía Nevado Domínguez + Jean-François Alberghi + Marta Fernández Villar _*Universidad de Oviedo + La Ponte Centro de Investigación y Ecomuseo + Filopueblos*/**ESPAÑA** _pp186-207

20_Memoria Viva Tununguá
Sandra Patricia Pachón Monsalve/**COLOMBIA**_pp208-215

MONOGRÄFIK TRECE/AÑO12/SEP2026
10 ACTAS SOPA24 XII CONGRESO INTERNACIONAL DE SOCIALIZACIÓN DEL PATRIMONIO EN EL MEDIO RURAL
Os Blancos_Baltar_Muiños_Calvos de Randín
PROVINCIA DE OURENSE/GALICIA_ESPAÑA
LA DES COMM UNAL
REVISTA IBEROAMERICANA DE PATRIMONIO Y COMUNIDAD





SESIÓN TEÓRICA

Unha auto-etnografía fotográfica de mulleres caboverdianas: narrativas migratorias a través de dúas exposicións colectivas en Bembibre e Burela

Iria Vázquez Silva + Sarah Lamas_*Mulleres á Fronte/ESPAÑA*

ivazquez@uvigo.es
s.lamas@udc.es

resumo

Nesta comunicación abordaremos a metodoloxía participativa desenvolvida no proxecto: "Coidados na diáspora. Unha auto-etnografía fotográfica de mulleres caboverdianas en España", financiado polo Instituto das Mulleres (2023). Esta investigación, levada a cabo polo colectivo Mulleres á Fronte, contou coa participación de mulleres migrantes caboverdianas e as súas descendentes, residentes en Burela e Bembibre. Son dous destinos migratorios con moitos contrastes, comezaremos entón cunha contextualización tanto de ambos fluxos migratorios.

#Auto-etnografía, #Coidados,
#Mulleres coboverdianas, #Fotografía

contextos
a migración caboverdiana en Burela e Bembibre

A inmigración caboverdiana está presente en Burela desde finais dos anos 70, cando un grupo maioritariamente masculino chegou para traballar na construción da fábrica de Alúmina-Aluminio. Tras a súa finalización en 1978, algúns atoparon traballo na pesca de altura, substituíndo aos traballadores locais que se mudaron ao sector industrial, fuxindo das duras condicións de traballo no mar. A finais dos 80, a inmigración masculina para traballar na pesca e o reagrupamento familiar deron lugar a unha comunidade dunhas 250 persoas, cuxo orixe está en pequenas localidades costeiras da illa de Santiago.

Ata principios da década de 2000, as mulleres emigraban a Burela exclusivamente en calidade de esposas, seguindo o patrón tradicional, no que o home é considerado actor principal. As características do emprego masculino deron lugar a fogares monoparentais temporais e cíclicos; definidos pola ausencia periódica da figura masculina. As mulleres encargáronse da organización da comunidade e da transmisión cultural aos seus descendentes. A súa situación legal dependente dos seus esposos, sen dereito a un permiso de traballo, fixo que traballasen en situación de irregularidade durante dúas décadas, sen gozar de dereitos laborais.

A situación das mulleres desta comunidade foi caracterizada pola súa excepcionalidade nas colectividades migrantes orixinarias desta illa, por exercer como representantes e interlocutoras da comunidade ante as institucións e o resto da sociedade de Burela. A Asociación Cultural TABANKA estivo rexida por mulleres, que ocuparon os seus cargos representativos desde pouco despois do seu nacemento en 1987.

Desde principios da década de 2000, as familias establecidas promoveron a migración legal de parentes de Cabo Verde, en particular de sobriños e sobriñas. A comunidade caboverdiana experimentou un rápido crecemento, cuadriplicando o seu tamaño entre 1998 e 2011, con máis de 500 residentes na localidade e a súa contorna, cifra que continuou en ascenso. Simultaneamente, comezou unha migración autónoma de mulleres, a maior parte nais solteiras en orixe, atraídas por sectores laborais feminizados, como o coidado de persoas e a hostalería. Isto reforzou unha división do traballo baseada no xénero, asociando as tarefas relacionadas co mar coa masculinidade e as actividades en terra coa feminidade. Na actualidade, a comunidade de Burela abarca ata catro xeracións, cunha migración continua que achega renovación e dinamismo.

Por outra banda, os pioneiros caboverdianos chegaron ao Bierzo e Laciana a mediados dos anos 1970, co novo auxe da minería do carbón. Inicialmente eran sobre todo homes que ocuparon un relevante lugar no traballo nas minas de ambas as comarcas. Unha década máis tarde iniciouse o proceso de asentamento, coa chegada das mulleres, procedentes de Madrid e Portugal e en menor medida de Cabo Verde, en moitos casos acompañadas dos seus fillos/as. Algunhas formaban parte de parellas que emigraron por separado, aproveitando as oportunidades de emprego diferentes en función do xénero. En numerosos casos, as parellas xurdiron no contexto migratorio entre antigos veciños ou entre persoas integrantes da rede caboverdiana en Europa.

Un grupo importante de mulleres chegou da capital española nos anos 80, tras establecer relacións de parella cos mineiros caboverdianos, que viaxaban a Madrid para buscar esposa da súa mesma orixe. Elas, con proxectos migratorios propios, traballaban como internas no servizo doméstico, que abandonaron para formar familias nas concas. Na sociedade mineira, estas mulleres desenvolveron, na maior parte dos casos, traballo doméstico e de coidados, abandonando a mobilidade transnacional anterior. Nalgúns casos, promoveron o reagrupamento de fillos/as que deixaran en Cabo Verde a cargo doutras mulleres.

Durante os anos 1990, as cadeas migratorias puxéronse en marcha e mozos novos recentemente chegados (fillos e sobriños) uníronse á comunidade caboverdiana, mostrando a diversidade da composición xeracional e as diversas canles polos que se foi conformando a comunidade caboverdiana no Bierzo.

O peche das minas a finais dos 90 provocou unha serie de cambios, entre eles o estancamento da comunidade caboverdiana en Bembibre. Unha vez que os homes se xubilaron, moitas das súas esposas comezaron a traballar fóra de casa, iniciando un proceso de cambio nos roles e relacións de xénero que continúa ata o día de hoxe.

As súas fillas, nadas e/ou criadas no Bierzo, a pesar de non contar coa nacionalidade española ata entrado o século XXI, foron activas na vida social berciana. As súas traxectorias laborais dan conta do esforzo educativo que nelas depositou a primeira xeración. Os seus empregos son máis cualificados e inseríronse en sectores laborais que, aínda sendo ámbitos de elevada feminización (coidados, hostalería, administración…), son máis diversos.

o proceso de auto-etnografía fotográfica

O proxecto iniciouse cuns obradoiros participativos onde as mulleres compartiron albumes fotográficos como ferramenta de diálogo sobre as súas experiencias migratorias e familiares. Realizáronse obradoiros en ambas localidades, aproveitando a visualización dos albumes familiares para recoller as conversas sobre as fotografías, sobre Cabo Verde, sobre os seus proxectos migratorios, sobre as súas vidas en Burela e Bembibre, etc. Esas conversas foron gravadas, co permiso das mulleres migrantes, para ir elaborando unha memoria vinculada a eses albumes fotográficos.

De xeito complementario, impartirmos uns talleres formativos de fotografía, e as participantes retrataron con cámaras desbotables a súa vida cotiá; o que elas decidiron fotografiar do seu día a día: o seu traballo, a relación co territorio, as redes dentro e fora da comunidade, así como os seus fogares e lugares de encontro. Así, fomos quen de recompilar unha inxente cantidade de imaxes do presente e do pasado das participantes; imaxes que conformaron narrativas colectivas sobre as experiencias migratorias, sobre os seus vínculos de coidados con Cabo Verde e sobre os lazos coa comunidade, así como co patrimonio a través de tres xeracións de mulleres.

Este proxecto culminou coa presentación de dúas exposicións fotográficas, onde cada fotografía foi contextualizada coas palabras das autoras, procedentes dos obradoiros que foran realizados nun inicio. O certo é que unha das complexidades deste proxecto foi o volume de información e memoria que foi recollida neses obradoiros, e só puidemos reflexar unha parte destes datos nas exposicións realizadas. É dicir, ao noso pesar, pero dado que o orzamento para as exposicións era limitado, tivemos que realizar unha selección das fotografías do pasado e do presente, contando tamén coa perspectiva e valoración das propias participantes.



Figura 1. Cartaz da inauguración da exposición en Bembibre.

A primeira exposición inaugurouse en Bembibre en xaneiro de 2024 e a segunda en Burela. As exposicións vertebráronse a partir de catro seccións identificadas no traballo de campo: transnacionalidade, coidados, comunidade, división sexual do traballo e documentación. Pode que estas categorías resposten á necesidade de categorizar socioloxicamente un material tan extenso. O certo é que podían ser outras as categorías emerxentes, pero merece a pena dedicar a cada categoría unhas liñas explicativas.

A transnacionalidade fai mención as vidas que se vinculan entre Cabo Verde e Burela/Bembibre. Desde o enfoque transnacional entendemos as migracións como unha mobilidade que xera vínculos e espazos sociais transnacionais, que se plasman nas remesas enviadas a orixe, nas maletas que viaxan de Cabo Verde aos destinos migratorios, as chamadas que xestionan os fogares alí e aquí, etc. Algunhas fotografías mostran avoas a punto de coller un avión para visitar aos seus netos e netas na diáspora, viaxando ás veces de España a Francia, para pasar pequenas tempadas coa familia que está na emigración.

Os coidados vertebran este proxecto. O certo é que as propias participantes foron traendo fotografías que mostraban coidados, dentro dos fogares na emigración, e tamén mulleres que quedaron en Cabo Verde coidando a persoas dependentes... Neste sentido, o enfoque que atravesa este proxecto posúe unha visión reivindicativa do traballo de coidados (remunerado ou non) que protagonizan as migrantes, lonxe de esencialismos e naturalizacións; onde se foi desvelando a cadea global dos coidados como unha desigualdade que vincula o capitalismo, o patriarcado, a segmentación xenerizada e etnificada do mercado laboral e o colonialismo.

Na seguinte imaxe colocamos a voz dunha das participantes explicando a fotografía.



Figura 2. Casa dos sogros etexto explicativo da autora.
Fotografía realizada no obradorio de FotoVoz.

"Esta es la casa de los abuelos de Padrón por parte de mi marido. Vamos todos los fines de semana, siempre que podemos porque son mayores y quiero que mi hija mantenga el vínculo. Parece que estamos en Cabo Verde, sentadas en la escalera, es tal cual. Allí hay este tipo de casas con escaleras"

ELISANGELA DIANA COELHO GOMES LOPES. Padrón, 2023

A comunidade emerxeu como unha categoría moi relevante. Nas fotografías do pasado, pero tamén do presente, van aparecendo imaxes de bautizos, comunións, reunións na asociación deportiva, xuntanzas de amigas... onde se quere dar forza á vivencia da comunidade, a ser-unhas-coas-outras e apoiarse como migrantes nunhas vidas atravesadas polas discriminacións. Tamén existen conflitos, pero as fotografías adoitan agochar eses conflitos, e mostrar quizáis as partes máis amables e reivindicativas da comunidade.

Por outra banda, outra das categorías que emerxeu foi a división sexual do traballo. Tanto en Burela como en Bembibre se percibe, desde o inicio do fluxo migratorio caboverdiano, unha división sexual do traballo moi intensa. O certo é que en ambos destinos os traballos son diferentes, pero existe unha fonda estruturación dos empregos moi masculinizados (como a pesca e a mina). Sen embargo, ambos empregos posúen unha diferenza crucial: a pesca conleva a ausencia dos homes da casa, tendo as mulleres un protagonismo relevante en Burela, por exemplo, á hora de crear a asociación TABANKA.

As mulleres, tanto en Burela como en Bembibre, van traballar nos coidados, no traballo do fogar, e sobre todo en Burela, tamén na hostalería. Son de novo traballos tradicionalmente feminizados, e a miúdo invisibilizados (sobre todo no traballo doméstico e de coidados). Este proxecto, e esta exposición, pretendeu, neste sentido, darlles visibilidade e voz, e que as participantes se representaran a si mesmas a través da fotografía.

Por último, xuntamos algunhas fotografías baixo a categoría de "documentación". É claro que unha das barreiras de discriminación máis importantes que teñen que enfrontar as persoas migrantes ten que ver co acceso a documentación de residencia e de traballo. Así, algunhas imaxes mostran o a relevancia do momento de acadar o pasaporte español ou o permiso para traballar. Tamén atopámonos nos albumes do pasado imaxes de pasaportes antigos, de visados de traballo, etc. Isto dá conta do labirinto burocrático co que moitas delas se atoparon ao longo da súa traxectoria migratoria e laboral, así como das barreiras que a falta de resposta institucional pode xerar para as persoas migrantes.

LAUNDERGROUNDCOLECTIVA

LA DESCOMMUNAL

REVISTA IBEROAMERICANA DE PATRIMONIO Y COMUNIDAD



MUCHAS GRACIAS POR TU LECTURA. TE ESPERAMOS EN EL PRÓXIMO NÚMERO

MONOGRÄFIK TRECE/AÑO12/SEP2026

ACTAS SOPA24 XII CONGRESO INTERNACIONAL DE SOCIALIZACIÓN DEL PATRIMONIO EN EL MEDIO RURAL
Os Blancos_Baltar_Muiños_Calvos de Randín
PROVINCIA DE OURENSE/GALICIA_ESPAÑA

science commons
CC BY